Acer opalus Mill. 1768

- pradairo italiano
- arce italiano
- eihar italiarra, eihar
- blada, auró, rotaboc, arroner
- italian maple
- bordo ópalo



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Sapindales**	**Sapindaceae**	***Acer***

ORIXE

Sur e oeste de Europa e norte de África.

CARACTERÍSTICAS

Árbore grande de ata 7-15 m de altura, cunha codia lisa e agrisada. Follas caducas, opostas, palmeadas, brillantes pola face e mates polo envés, con 5 lóbulos dentados e un pecíolo avermellado. Flores pouco vistosas, verdosas e amarelentas, agrupadas en corimbos colgantes que aparecen antes ou asemade cás follas. Os froitos son disámaras, con ás membranosas que se abren en ángulo agudo ou recto.

HÁBITAT

Bosques caducifolios húmidos e frescos de zonas montañosas, preferindo solos calcarios, rochedos sombríos e lugares con humidade constante, a miúdo preto de cursos de auga, entre os 600 e os 2000 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Sur e oeste de Europa, Asia menor e norte de África.

CURIOSIDADES

É unha especie rústica que pode soportar temperaturas moi baixas, de ata -18ºC, o que lle permite medrar ben en climas fríos.